

Subvenciones concedidas en 2021 por el Parlamento de Galicia

Nº	ENTIDAD	SUBVENCIONES 2021	
		CONCEDIDO	TOTAL JUSTIFICADO
Subvenciones a entidades de carácter social		14.021,88	14.021,88
1	SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI	6.250,00	6.250,00
2	ASOCIACIÓN DE EXECUTIVAS DE GALICIA	3.771,88	3.771,88
3	ASOCIACIÓN MUJERES EN EL SECTOR PÚBLICO	4.000,00	4.000,00
Subvenciones iniciativas legislativas		1.500,00	1.500,00
4	MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	1.500,00	1.500,00
Subvenciones a otras Entidades		12.510,94	12.510,94
5	MUSEO DO POBO GALEGO (Convenio 18/07/1995)	12.510,94	12.510,94
Becas de formación práctica		66.883,86	66.883,86
6	AMOEDO DOMÍNGUEZ, SONIA MARÍA	10.300,00	10.300,00
7	CAMBEIRO PORRÚA, BIEITO	9.259,14	9.259,14
8	FIAÑO LLERAFO, DANIEL	10.033,33	10.033,33
9	LÓPEZ GONZÁLEZ, MARÍA DEL MAR	7.516,13	7.516,13
10	PÉREZ FERNÁNDEZ, ADRIÁN	7.000,00	7.000,00
11	PERNAS RUBAL, CRISTIAN	4.096,77	4.096,77
12	RAMOS CUBA, LAURA	7.000,00	7.000,00
13	RODRÍGUEZ VELÁZQUEZ, ROBERTO	6.000,00	6.000,00
14	RUMBO CALVO, IRINA	5.678,49	5.678,49
TOTAL		94.916,68	94.916,68

NOTA: Esta relación no incluye las subvenciones concedidas a los grupos parlamentarios que están publicadas en el portal de transparencia del Parlamento de Galicia en un apartado específico.

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

O día 16 de marzo de 2021 recibíuse unha solicitude de axuda económica da representante legal da entidade **Solidariedade Galega co Pobo Saharai**, con CIF G-15924558 (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E6742), á sazón D.ª María Isla Aviión, para acadar financiamento para o **Proxecto “Emerxencia Alimentaria nos Campamentos de Refuxiados Saharais” 2021** que se levará a cabo neste verán.

A entidade completa a documentación con:

- Proxecto de “Emerxencia alimentaria nos Campamentos de Refuxiados Saharais” co fin de cubrir o déficit existente de alimentos básicos nas escolas e Campamentos de Refuxiados Saharais.
- Identificación da entidade con copia do CIF e copia dos estatutos ou normas de constitución.
- Identificación do representante da entidade, copia do NIF e acordo do nomeamento ou poder de representación.
- Proxección de gastos e ingresos do programa.
- Declaración asinada polo representante da entidade de que non se solicitaron nin obtiveron outras subvencións, ou axudas, de entidades públicas ou privadas.
- Certificacións de estar ao día a entidade coas débedas tributarias e coa Seguridade Social expedidos o 5 de marzo de 2021.
- Declaración responsable, asinada polo representante da entidade, de non incurrir en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003 nin do artigo 10 da Lei 9/2007.

Expedíuse certificado de crédito dispoñible pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111B.481.02 “Subvencións a entidades de carácter social”

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Persoal e Réxime interior o 24 de marzo de 2021, na que verificácase a confluencia de razóns de interese humanitario na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, isto é, sen concorrencia. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Incorporouse o informe xurídico emitido o 25 de marzo de 2021 ao respecto.

Emitíuse o informe de fiscalización pola Intervención o día 25 de marzo de 2021.

Polo exposto, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado, que financiará unha porcentaxe de ata o 100% dos gastos, por un importe máximo de 6.250,00 €, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte de seguido::

“PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia, órgano constitucional ao tenor do artigo 152.1 da Constitución, e Institución básica de Galicia, poder público do sistema político galego, tal e como se desprende dos artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía, ten autonomía para levar a cabo actuacións que lle posibiliten o desenvolvemento eficaz e eficiente das funcións que

estatutariamente lle corresponden, polo que, comprometido, como está, co fomento de proxectos, programas e actuacións que removan obstáculos que impidan ou dificulten a plena integración de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social, especialmente dos colectivos máis vulnerables.

Asemade, tamén estima de interese a súa aportación a programas de cooperación internacional como é o caso, por razóns humanitarias tendo en conta os fins da entidade.

Para tal fin, cómpre formular o que se considera cooperación internacional:

O Comité de Axuda ao Desenvolvemento (CAD), con sede en París, é o organismo ou departamento da OCDE encargado de definir o que é ou non é cooperación internacional para o desenvolvemento.

O CAD determina que países ou territorios poden ser considerados como destinatarios da axuda ao desenvolvemento, por empregar outra expresión habitual; pero tamén determina os sectores que poden ser considerados como axuda ao desenvolvemento (por exemplo, exclúese a cooperación militar para compra de avións, por exemplo, pero si se inclúe as actividades de retirada de minas tras un conflito).

Entre os sectores incluídos están a sensibilización e educación para o desenvolvemento, o comercio xusto, a axuda de emerxencia, a axuda humanitaria, os proxectos a medio e longo prazo, etc.

O propio, pola terminoloxía empregada é colaborar no país de orixe necesitado. Actuacións que principalmente lévanse a cabo a través das administracións territoriais por ser no exterior.

Non obstante, as axudas a ONG son claramente actividades de cooperación internacional para o desenvolvemento realizadas fora do país.

Polo exposto, conflúen razóns de interese humanitario na concesión dunha subvención a esta entidade constituída no ano 2004, que dende 1991 funcionaba co nome Amigos do Pobo Saharai e mais tarde como Asociación Gallega de Ayuda al Sahara.

Partindo dos fins xerais da entidade detallados no artigo 5 dos seus estatutos como son, entre outros, o de promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre o Pobo galego e o Pobo saharai, facilitar o coñecemento pola cidadanía galega das formas de vida, as costumes e as tradicións que caracterizan á rica cultura dese pobo, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural social, económico e político entre o pobo saharai e o galego, propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharai.

Dentro desas actuacións, dirixidas a mellorar as condicións de vida tanto dos refuxiados saharais como da poboación residente no Sáhara Occidental, o obxectivo é dar resposta as necesidades de planificación e avance na xestión e execución da axuda humanitaria dirixida aos refuxiados saharais, que se lle da en Galicia por petición e en coordinación coa Delegación Saharai para Galicia.

Como consecuencia do COVID-19 nos Campamentos de Refuxiados Saharais e do peche de fronteiras dende marzo de 2020, as subministracións de alimentos de urxencia estanse

esgotando debido a falta de fondos, o que tornou en moi difícil a situación dos refuxiados máis vulnerables, apreciándose un deterioro na situación humanitaria co aumento na taxa de anemia entre mulleres, embarazadas e nais lactantes, o aumento da porcentaxe de malnutrición entre os menores de cinco anos, e unha alta porcentaxe de persoas con diabetes.

Polo exposto, e ao abeiro do artigo 29 e 30.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Parlamento de Galicia, conflúen razóns de interese humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención.

Segundo: a subvención ten carácter excepcional, xa que se ben se lles concedeu unha achega para o programa de Vacacións en Paz no exercicio 2019, o certo é que esta resposta a unha situación tan extraordinaria como a derivada da Pandemia que estamos a vivir, podendo outorgarse sen concorrencia ao abeiro do artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

*Terceiro: a subvención solicitada ao Parlamento de Galicia ten por obxecto financiar os **gastos da compra de alimentos** en relación co Proxecto “Emerxencia Alimentaria nos Campamentos de Refuxiados Saharauis”*

Cuarto: De conformidade co determinado pola Presidencia, ao abeiro da Disposición adicional do Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, o importe da subvención financiará unha porcentaxe de ata o 100 % dos gastos indicados no proxecto presentado, cun máximo de 6.250,00 € de subvención.

De resultar, finalmente, inferior o custe dos gastos financiados da actividade, a subvención a abonar reducirase de xeito que non supere o porcentaxe indicado sobre o total.

Quinto: A subvención é compatible con outras axudas aínda que en ningún caso a suma destas poderá ser superior a contía illadamente ou en concorrencia do custo dos gastos subvencionados. A entidade deberá dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia.

Sexto: O pagamento efectuarase una vez xustificado pola entidade o gasto realizado.

A documentación xustificativa presentarse no rexistro de entrada do Parlamento de Galicia antes do 31 de maio de 2021, e será nos termos seguintes:

- Conta xustificativa asinada polo representante legal da entidade acompañada de fotocopia cotexada das facturas relativas á compra de alimentos, a acreditación do abono daqueles mediante extracto da transferencia bancaria ou operación informática (excepcionalmente cando sexan de importe inferior a 1.000€ basta o recibí do preceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos deste).

De ser cofinanciado o mesmo gasto por varias entidades, a conta xustificativa conterá a relación dos custes imputables a cada unha.

- Certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade do importe total das axudas finalmente percibidas que financiasen a actividade subvencionada.

- Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e coa Seguridade Social.

- Acreditación da publicidade do financiamento polo Parlamento de Galicia do programa (medios de difusión, web, fotografías...).

- Certificado da conta bancaria en que efectuar o pago da subvención.
- Declaración de ter deducible ou non o ivo neses gastos.

Unha vez presentada en tempo e forma a conta xustificativa pola entidade e demais documentación a xuntar, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia, abonándose a subvención mediante transferencia á conta bancaria da entidade beneficiaria.

O incumprimento da obriga de xustificar os gastos subvencionados dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada.

Sétimo: A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e demais normas concordantes, debendo dar información ou publicidade onde conste que están subvencionados polo Parlamento de Galicia (publicidade na web da entidade e/ou páxina de transparencia, elementos subvencionables, etc), o que deberá ser obxecto de acreditación ben coa vía fotografías, enlaces ou capturas.

Oitavo: O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nas demais normas de aplicación.

NOVENO: A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.”

2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.481.02 do estado de gastos do exercicio 2021. A aprobación do gasto e pago terá lugar unha vez se execute e xustifique o gasto de conformidade co apartado Sexto da memoria.

3.- Notificarlle esta resolución aos interesados para o seu coñecemento e efectos, lembrándolle que deben presentar a xustificación correspondente e trasladarlle ao departamento de Intervención e Asuntos económicos antes do 31 de maio de 2021.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021.

O Presidente,

Miguel A. Santalices Vieira

2021.03.2

6

09:37:38

+01'00'

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Asunto: Aprobación conta xustificativa da subvención concedida a **SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI**: “Emerxencia alimentaria nos campamentos de refuxiados saharauis”

Por Resolución da Presidencia do 26/03/2021, concedeuse unha subvención por un máximo de 6.250,00 euros á **SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI** (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E6742), á sazón D.^a María Isla Avión, para acadar cofinanciamento para o programa “Emerxencia alimentaria nos campamentos de refuxiados saharauis” xustificada no peche de fronteiras e a situación agravada por mor da COVID19. Os gastos consisten na merca de alimentos básicos segundo se indica no proxecto (arroz, aceite, legumes, azucre, etc)

A subvención financiaría ata o 100% da actuación xustificada ao abeiro da Disposición adicional do Regulamento de organización e funcionamento, por mor da COVID19.

Consta a recepción da documentación xustificativa dos gastos efectuados e pagados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora. O custe total acreditado supera os 6.250,00€.

Fiscalizouse favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe emitido o 25/05/2021.

Polo exposto, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Presidencia polo artigo 15.3º e 4º do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento e o estipulado no Regulamento de organización e funcionamento da Administración Parlamentaria así como na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, supletoriamente na Lei 38/2003, de 17 de Novembro, Lei Xeral de Subvencións e aos regulamentos que as desenvolven, RESOLVO:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos presentada, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 6.250,00 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

A Presidencia

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

O día 15 de abril de 2021, recibíuse unha solicitude de axuda económica da representante legal da entidade **Asociación de executivas de Galicia**, con CIF G-70301916 (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E6374), á sazón D^a Carla Reyes Uschinsky, para acadar financiamento para a **organización e desenvolvemento da actividade “MEET-UP Referentes Galegas”**.

A entidade completa a documentación con:

- Memoria da actividade “MEET-UP REFERENTES GALEGAS”.
- Identificación da entidade con copia do CIF e copia dos estatutos ou normas de constitución.
- Identificación do representante da entidade, copia do NIF e acordo do nomeamento ou poder de representación.
- Proxección de gastos e ingresos do programa.
- Declaración asinada polo representante da entidade de que non se solicitaron nin obtiveron outras subvencións, ou axudas, de entidades públicas ou privadas.
- Autorización ao Parlamento de Galicia para descargar os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Facenda Autonómica) e coa seguridade social.

Expediuse certificado de crédito dispoñible pola Intervención do Parlamento imputándose á partida 01.01.111B.481.02 “Subvencións a entidades de carácter social”.

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Servizo de Persoal e Réxime Interior o 30 de abril de 2021, na que se verifica a confluencia de razóns de carácter social na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, isto é, sen concorrencia. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Emitíuse o informe de fiscalización pola intervención o día 30 de abril de 2021.

En exercicio da competencia atribuída en materia de subvencións polo artigo 28 do Regulamento de Organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, así como o artigo 15 do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo para a autorización e disposición do gasto vía a delegación, concedida pola Mesa do Parlamento en sesión do 17/08/2020, cando se trata de gastos por importe inferior aos limiares dun contrato menor, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado, que financiará unha porcentaxe de ata o 80% dos gastos, por un importe máximo de 4.000,00€, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte de seguido:

“PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia, órgano constitucional ao tenor do artigo 152.1 da Constitución, e Institución básica de Galicia, poder público do sistema político galego, tal e como se desprende dos artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía, ten autonomía para levar a cabo actuacións que lle possibiliten o desenvolvemento eficaz e eficiente das funcións que estatutariamente lle corresponden, polo que, comprometido, como está, co fomento de proxectos, programas e actuacións que removan obstáculos que impidan ou

dificulten a plena integración de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social, especialmente dos colectivos máis vulnerables.

Partindo dos fins xerais da entidade detallados no artigo 7 dos seus estatutos como son, entre outros, o de realizar actividades en defensa dos dereitos da muller para acadar as mais altas cotas no ámbito executivo en xeral, compartir experiencias laborais do mundo executivo feminino; facer máis visible como grupo de opinión ás mulleres galegas cualificadas, a promoción e desenvolvemento persoal da muller loitando pola igualdade de oportunidades na esfera social, política, empresarial e executiva; colaborar, promover, fomentar e pór en funcionamento todo tipo de actividades e iniciativas relacionados cos sectores máis desfavorecidos da sociedade, etc.

Dentro desas actuacións, dirixidas a promover a igualdade da muller en todos os ámbitos, o obxectivo do proxecto é dar visibilidade a todas aquelas mulleres profesionais galegas líderes nos seus respectivos sectores, de maneira que tanto organismos públicos, medios de comunicación, empresas e demais entidades as teñan en conta á hora de organizar conferencias, xornadas, mesas redondas,... nas que se requiran da participación, a colaboración ou información dunha profesional, xa sexa como poñente, como colaboradora nunha publicación, como experta ou simplemente como persoa de referencia para unha consulta.

O artigo 9.2 da Constitución Española, en consonancia co artigo 14, establece a obriga dos poderes públicos para promover as condicións para que a igualdade entre mulleres e homes sexa real e efectiva.

Polo exposto, e ao abeiro do artigo 29 e 30.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Parlamento de Galicia, conflúen razóns de interese social que dificultan a convocatoria pública da subvención pola especificade da actuación a subvencionar.

SEGUNDO: Ao non superar as contías previstas pola lexislación de contratos do sector público para os contratos menores, de acordo co disposto no artigo 28 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Parlamento de Galicia, a Presidencia da Cámara é o órgano competente para resolver sobre a concesión da subvención.

TERCEIRO: A persoa que formaliza a solicitude é a presidenta da citada asociación. Entre as súas competencias estatutarias están as de representar legalmente á asociación ante toda clase de organismos públicos e privados, e a de adoptar calquera medida de interese para a execución dos estatutos.

CUARTO: a subvención ten carácter excepcional, sendo a primeira vez que se pretende subvencionar, podendo outorgarse sen concorrencia ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

*QUINTO: a subvención solicitada ao Parlamento de Galicia ten por **obxecto financiar os gastos para a organización e desenvolvemento** da actividade “MEET-UP Referentes Galegas”.*

SEXTO: De conformidade co determinado pola Presidencia, ao abeiro do artigo 30.3 do Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, o importe da subvención financiará unha porcentaxe de ata o 80 % dos gastos indicados no proxecto presentado, cun máximo de 4.000,00 € de subvención.

De resultar, finalmente, inferior o custe dos gastos financiados da actividade, a subvención a abonar reducirase de xeito que non supere o porcentaxe indicado sobre o total.

SÉTIMO: A subvención é compatible con outras axudas aínda que en ningún caso a suma destas poderá ser superior a contía illadamente ou en concorrencia do custo dos gastos subvencionados. A entidade deberá dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia.

OITAVO: O pagamento efectuarase una vez xustificado pola entidade o gasto realizado.

A documentación xustificativa presentarse no rexistro de entrada do Parlamento de Galicia antes do 30 de setembro de 2021, e será nos termos seguintes:

- *Conta xustificativa asinada polo representante legal da entidade acompañada de fotocopia cotexada das facturas relativas aos gastos desagregados para a organización e desenvolvemento da actividade, a acreditación do abono daqueles mediante extracto da transferencia bancaria ou operación informática (excepcionalmente cando sexan de importe inferior a 1.000€ basta o recibín do preceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos deste).*

De ser cofinanciado o mesmo gasto por varias entidades, a conta xustificativa conterá a relación dos custes imputables a cada unha.

- *Certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade do importe total das axudas finalmente percibidas que financiasen a actividade subvencionada.*
- *Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e coa Seguridade Social.*
- *Acreditación da publicidade do financiamento polo Parlamento de Galicia do programa (medios de difusión, web, fotografías...).*
- *Certificado da conta bancaria en que efectuar o pago da subvención.*
- *Declaración de ter deducible ou non o ivo neses gastos.*

Unha vez presentada en tempo e forma a conta xustificativa pola entidade e demais documentación a xuntar, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia, abonándose a subvención mediante transferencia á conta bancaria da entidade beneficiaria.

O incumprimento da obriga de xustificar os gastos subvencionados dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada.

NOVENO: A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; debendo dar información ou publicidade onde conste que están subvencionados polo Parlamento de Galicia (publicidade na web da entidade e/ou páxina de transparencia, elementos subvencionables, etc), o que deberá ser obxecto de acreditación ben coa vía fotografías, enlaces ou capturas.

DÉCIMO: O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Real Decreto

887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

UNDÉCIMO: A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.”

Conclusión

2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.481.02 do estado de gastos do exercicio 2021. A aprobación do gasto e pago terá lugar unha vez se execute e xustifique o gasto de conformidade co apartado oitavo da memoria.

3.- Notificarlle esta resolución aos interesados para o seu coñecemento e efectos, lembrándolle que deben presentar a xustificación correspondente e trasladarlla ao departamento de Intervención e Asuntos económicos antes do 30 de setembro de 2021.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2021.

O Presidente,

Miguel A. Santalices Vieira.

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

**Asunto: Aprobación conta xustificativa da subvención concedida á:
ASOCIACIÓN DE EXECUTIVAS DE GALICIA**

Por Resolución da Presidencia do 03/05/2021, concedeuse unha subvención por un importe máximo de 4.000,00€ a ASOCIACIÓN EXECUTIVAS DE GALICIA CIF G-70301916 (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E6374), á sazón Carla Reyes Uschinsky, para acadar cofinanciamento para a actividade MEET-UP Referentes galegas que se desenvolve no presentes exercicio. A subvención financiaría ata unha porcentaxe do 80% dos gastos executados nos termos indicados na resolución.

Consta a recepción da documentación xustificativa dos gastos efectuados e pagados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora. O custe total correctamente acreditado é ascende a 4.714,85 €.

A dita conta xustificativa e demais documentación fiscalizouse favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe emitido o 19/10/2021.

Polo exposto, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Presidencia polo artigo 15.3º e 4º do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento e o estipulado no Regulamento de organización e funcionamento da Administración Parlamentaria así como na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, supletoriamente na Lei 38/2003, de 17 de Novembro, Lei Xeral de Subvencións e aos regulamentos que as desenvolven, RESOLVO:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos presentada, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 3.771,88 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

O Presidente

2021.10.2

0

16:38:06

+02'00'

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

O día 13 de xullo de 2021, recibíuse unha solicitude de axuda económica por persoa autorizada da entidade ***Mujeres en el Sector Público***, con CIF G94176740 (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E7301), á sazón D^a Raquel Belén Bahillo Varela, para acadar financiamento para a **organización e desenvolvemento da actividade “III CONGRESO MUJERES EN EL SECTOR PÚBLICO”**.

A entidade completa a documentación con:

- Memoria da actividade “III CONGRESO MUJERES EN EL SECTOR PÚBLICO”.
- Identificación da entidade con copia do CIF e copia dos estatutos ou normas de constitución.
- Identificación do representante da entidade e copia do NIF (figura como tal no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia)
- Proxección de gastos e ingresos do programa.

A estimación de gastos, que acadan unha contía de 34.688,75 €, consisten na organización, coordinación e dirección dos encontros; deseño de carteis, persoal auxiliar, actividades complementarias, actividade lúdica...

Non consta previsión de ingresos.

- Declaración asinada polo representante da entidade de que non se solicitaron nin obtiveron outras subvencións, ou axudas, de entidades públicas ou privadas.
- Autorización ao Parlamento de Galicia para descargar os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Facenda Autonómica) e coa seguridade social.
- Declaración responsable, asinada polo representante da entidade, de non incorrer en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003 nin do artigo 10 da Lei 9/2007.

Expedíuse certificado de crédito dispoñible pola Intervención do Parlamento imputándose á partida 01.01.111B.481.02 “Subvencións a entidades de carácter social”.

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Servizo de Persoal e Réxime Interior o 23 de xullo de 2021, na que se verifica a confluencia de razóns de carácter social na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, isto é, sen concorrencia. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

A intervención emitiu, o 30 de xullo de 2021, informe de conformidade.

En exercicio da competencia atribuída en materia de subvencións polo artigo 28 do Regulamento de Organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, así como o artigo 15 do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo para a autorización e disposición do gasto vía a delegación, concedida pola Mesa do Parlamento en



sesión do 17/08/2020, cando se trata de gastos por importe inferior aos limiares dun contrato menor, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado, que financiará unha porcentaxe de ata o 80% dos gastos, por un importe máximo de 4.000,00€, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte de seguido:

“PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia, órgano constitucional ao tenor do artigo 152.1 da Constitución, e Institución básica de Galicia, poder público do sistema político galego, tal e como se desprende dos artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía, ten autonomía para levar a cabo actuacións que lle possibiliten o desenvolvemento eficaz e eficiente das funcións que estatutariamente lle corresponden, polo que, comprometido, como está, co fomento de proxectos, programas e actuacións que removan obstáculos que impidan ou dificulten a plena integración de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social, especialmente dos colectivos máis vulnerables.

Partindo dos fins xerais da entidade detallados no artigo 2 dos seus estatutos como son, entre outros, promover todas aquelas medidas que favorezan a posición da muller como empregada pública, a defensa dos seus intereses, a igualdade no acceso e no exercicio dos postos de responsabilidade, propor medidas a favor da conciliación familiar e persoal, a presenza paritaria da muller en foros e espazos de reflexión e debate, xornadas e conferencias, así como en comités e demais órganos de decisión do sector público, etc.

Dentro desas actuacións, dirixidas a promover a igualdade da muller empregada pública, e co fío condutor do liderado feminino, o proxecto pretende abordar mediante o III CONGRESO MUJERES EN EL SECTOR PÚBLICO a desenvolver en Santiago de Compostela, aqueles temas que afectan as mulleres do sector público da man de grandes expertas e coñecer experiencias que poñan en valor a igualdade de xénero en distintos tipos de administracións. Entre outras mesas, haberá unha adicada á presenza da muller no poder legislativo, habida conta da evolución que no eido da participación política tense producido, tomando como exemplo o Parlamento de Galicia tal e como se xustifica na memoria achegada pola entidade.

O artigo 9.2 da Constitución Española, en consonancia co artigo 14, establece a obriga dos poderes públicos para promover as condicións para que a igualdade entre mulleres e homes sexa real e efectiva.

Polo exposto, e ao abeiro do artigo 29 e 30.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Parlamento de Galicia, conflúen razóns de interese social que dificultan a convocatoria pública da subvención pola especificade da actuación a subvencionar.

SEGUNDO: Ao non superar as contías previstas pola lexislación de contratos do sector público para os contratos menores, de acordo co disposto no artigo 28 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Parlamento de Galicia, a Presidencia da Cámara é o órgano competente para resolver sobre a concesión da subvención.

TERCEIRO: A persoa que formaliza a solicitude está autorizada pola presidenta da citada asociación. Entre as competencias estatutarias da presidenta están as de representar legalmente á asociación en todas as súas relacións e autorizar coa súa sinatura as comunicacións, escritos e documentos da Asociación que así o requiran.

CUARTO: a subvención ten carácter excepcional, sendo a primeira vez que se pretende subvencionar, podendo outorgarse sen concorrencia ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

*QUINTO: a subvención solicitada ao Parlamento de Galicia ten por obxecto financiar os **gastos para a organización e desenvolvemento** da actividade “III CONGRESO MUJERES EN EL SECTOR PÚBLICO”.*

SEXTO: De conformidade co determinado pola Presidencia, ao abeiro do artigo 30.3 do Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, o importe da subvención financiará unha porcentaxe de ata o 80 % dos gastos indicados no proxecto presentado, cun máximo de 4.000,00 € de subvención.

Cómpre lembrar que ha de tratarse de gastos que respondan de maneira indubitada ao fin da actividade subvencionada e que resulten estritamente necesarios, de conformidade co estipulado na normativa reguladora das subvencións.

De resultar, finalmente, inferior o custe dos gastos financiados da actividade, a subvención a abonar reducirase de xeito que non supere o porcentaxe indicado sobre o total.

SÉTIMO: A subvención é compatible con outras axudas aínda que en ningún caso a suma destas poderá ser superior a contía illadamente ou en concorrencia do custo dos gastos subvencionados. A entidade deberá dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia.

OITAVO: O pagamento efectuarase una vez xustificado pola entidade o gasto realizado.

A documentación xustificativa presentarase no rexistro de entrada do Parlamento de Galicia a mais tardar o día 3 de decembro 2021, e será nos termos seguintes:

- Acreditación da aceptación da subvención pola Xunta Directiva.
- Conta xustificativa asinada polo representante legal da entidade acompañada de fotocopia cotexada das facturas relativas aos gastos desagregados para a organización e desenvolvemento da actividade, a acreditación do abono daqueles mediante extracto da transferencia bancaria ou operación informática (excepcionalmente cando sexan de importe inferior a 1.000€ basta o recibín do preceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos deste).

De ser cofinanciado o mesmo gasto por varias entidades, a conta xustificativa conterá a relación dos custes imputables a cada unha.

- Certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade do importe total das axudas finalmente percibidas que financiasen a actividade subvencionada.
- Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e coa Seguridade Social.
- Acreditación da publicidade do financiamento polo Parlamento de Galicia do programa (medios de difusión, web, fotografías...).

- Certificado da conta bancaria en que efectuar o pago da subvención.
- Declaración de ter deducible ou non o IVE neses gastos.

Unha vez presentada en tempo e forma a conta xustificativa pola entidade e demais documentación a xuntar, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia, abonándose a subvención mediante transferencia á conta bancaria da entidade beneficiaria.

O incumprimento da obriga de xustificar os gastos subvencionados dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada.

NOVENO: A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; debendo dar información ou publicidade onde conste que están subvencionados polo Parlamento de Galicia (publicidade na web da entidade e/ou páxina de transparencia, elementos subvencionables, etc), o que deberá ser obxecto de acreditación ben con fotografías ben con enlaces ou capturas.

DÉCIMO: O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

UNDÉCIMO: A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.”

2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.481.02 do estado de gastos do exercicio 2021. A aprobación do gasto e pago terá lugar unha vez se execute e xustifique o gasto de conformidade co apartado oitavo da memoria.

3.- Notificarlle esta resolución ao interesado para o seu coñecemento e efectos, lembrándolle que deben presentar a xustificación correspondente e trasladarlle ao departamento de Intervención e Asuntos económicos antes do 3 de decembro de 2021.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2021.

O Presidente,

Miguel A. Santalices Vieira.

2021.08.03

11:13:15

+02'00'

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

**Asunto: Aprobación conta xustificativa da subvención concedida á:
ASOCIACIÓN DE MUJERES EN EL SECTOR PUBLICO**

Por Resolución da Presidencia do 03/08/2021, concedeuse unha subvención por un importe máximo de 4.000,00€ a ASOCIACIÓN DE MUJERES EN EL SECTOR PUBLICO CIF G-94176740 (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E7301), para acadar financiamento para a organización e desenvolvemento da actividade “**III CONGRESO MUJERES EN EL SECTOR PÚBLICO**”. A subvención financiaría ata unha porcentaxe do 80% dos gastos executados nos termos indicados na resolución, ata un máximo de 4.000,00 €.

Consta a recepción da documentación xustificativa dos gastos efectuados e pagados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora. O custe total correctamente acreditado é ascende a **5.000,93 €**.

A dita conta xustificativa e demais documentación fiscalizouse favorablemente pola Intervención do Parlamento mediante informe emitido o 28/12/2021.

Polo exposto, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Presidencia polo artigo 15.3º e 4º do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento e o estipulado no Regulamento de organización e funcionamento da Administración Parlamentaria así como na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, supletoriamente na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións e aos regulamentos que as desenvolven, RESOLVO:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos presentada, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de **4.000,00 euros**, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

O Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de xuño de 2021, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2. Administración do Parlamento

2.2. Asuntos económicos e contratación

Solicitud de resarcimento de gastos realizados pola Mesa para a Normalización Lingüística, promotora da Proposición non de lei de iniciativa popular para unha canle Xabarín Club na Televisión de Galicia e mellor difusión da programación infantil e xuvenil en galego (doc. núm. 16933)

Examínase a proposta da Presidencia da Cámara na que se indica que o 4 de xuño de 2021 presentouse unha solicitude de resarcimento de gastos pola entidade que presentou a proposición non de lei da iniciativa popular para a creación da canle Xabarín Club na TVG, á sazón a Mesa de Normalización Lingüística, no procedemento de recollida de sinaturas de apoio. A Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá dispón no seu artigo 14 que o Parlamento de Galicia resarcirá á comisión promotora das iniciativas respecto dos gastos debidamente acreditados con facturas e xustificantes de pagamento, sempre que sexa tomada en consideración polo Parlamento de Galicia, e conforme ao establecido na normativa vixente en materia de subvencións. O importe a aboar será ata un máximo de 0,64€ por sinatura válida cun límite máximo segundo se trate de proposición de lei (6.000€) ou proposición non de lei (1.500€). Esta cifra será revisada pola Mesa do Parlamento segundo as variacións do IPC. As sinaturas válidas acadaron o mínimo exixible (2.500), segundo se certifica na reunión da Xunta Electoral de Galicia do 14 de abril de 2021. A proposición non de lei admitiuse a trámite pola Mesa do Parlamento en sesión do 21 de setembro de 2020 e aprobouse en sesión do Pleno do 11 de maio de 2021. A comisión achegou a seguinte documentación xustificativa de gastos:

1. Solicitud de resarcimento de gastos: emprégase o formulario posto a disposición polo Parlamento para o resarcimento de gastos, cuberto e asinado. Nel figuran marcadas as declaracións de:

- Non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, nin do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvención de Galicia.
- Asume as obrigas estipuladas na Lei 38/2003 de subvencións e demais normativa.
- Non ter solicitado nin recibido ningún tipo de axuda ou subvención doutra administración ou entidade, pública ou privada, nacional ou internacional para o financiamento dos gastos que se imputan ao resarcimento. E comprométese a

Intervención e Asuntos Económicos



notificarlle ao Parlamento a concesión de calquera axuda para a mesma finalidade que non comunicara inicialmente.

-Non deduce nin compensa o imposto sobre o valor engadido.

2. Certificado expedido pola secretaria xeral da entidade Mesa de Normalización Lingüística da sesión do 17 de marzo de 2021 na que se designou ao presidente da entidade, á sazón D. Marcos Maceira Eiras, como representante para as relacións dela co Parlamento de Galicia.

3. Presenta unha relación clasificada de gastos que abrangue envíos, transporte e materiais (entre eles copias) por un total de 11.473,46€ e, para acreditar o gasto do que pide resarcimento xunta a factura nº 200812 expedida pola empresa PEGADAS S.C.G. por importe de 2.178€ pola merca de bolígrafos punteiros e tampóns, e a acreditación do pago vía transferencia bancaria do 4 de xaneiro de 2021.

4. Certificados emitidos o 3 de xuño de 2021 pola AEAT, Facenda autonómica e Seguridade Social, sendo todos positivos e estando todos vixentes cara o cumprimento do estipulado no artigo 34.5.º da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

5. Copia do CIF da entidade e do NIF do representante.

6. Certificado da conta bancaria da entidade solicitante. O importe dos gastos correctamente acreditado pola entidade promotora, supera o máximo resarcible nunha PNL: os 1.500€.

A Intervención da Cámara unha vez revisado o expediente, emitiu o informe favorable de fiscalización cara a reintegrarlle á entidade promotora ata o máximo aboable, isto é 1.500€ tendo en conta que se trata dunha subvención de concesión directa do artigo 22.b) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.481.04 “subvención de iniciativa legislativa popular” do estado de gastos do exercicio 2021, existindo crédito axeitado e suficiente.

Polo exposto, a Presidencia proponlle á Mesa da Cámara que autorice, dispoña, aprobe e ordene o pagamento para resarcir os gastos por importe de 1.500,00€ á entidade promotora da proposición non de lei da iniciativa popular Mesa de Normalización Lingüística, para a creación da canle Xabarín Club.

A Mesa, conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá, adopta o seguinte ACORDO:

1º) Autorizar, dispoñer, aprobar e ordenar o pagamento para o resarcimento de gastos por importe de 1.500,00€ á entidade promotora da proposición non de lei da iniciativa popular, Mesa de Normalización Lingüística con CIF G15154610, para a creación da canle *Xabarín Club* na Televisión de Galicia.

2º) Comunicarlles este acordo á devandita entidade e á Intervención e Asuntos Económicos.

Intervención e Asuntos Económicos



Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

Xosé Antón
Sarmiento Mendez,
Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón
Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé
Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial
Maior,
email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2021.06.23 09:07:14 +02'00'

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

Intervención e Asuntos Económicos





Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 23/06/2021 9:07:14





PARLAMENTO DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E O MUSEO DO POBO GALEGO.

No pazo do Parlamento de Galicia, en Santiago de Compostela, a dezaoito de xullo de 1995,

COMPARECEN

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Victorino NÚÑEZ RODRIGUEZ, en nome e representación do Parlamento de Galicia, que ostenta de conformidade co previsto no artigo 31.1 do Regulamento da Cámara;

E da outra, don Antonio FRAGUAS e FRAGUAS, maior de idade, casado, con domicilio na rúa de Montero Ríos, número 36 de esta cidade, quen intervén en nome e representación do Patronato do Museo do Pobo Galego, que ostenta de conformidade co previsto no artigo número 15, b dos seus vixentes Estatutos legalmente aprobados.

Ámbolos comparecentes recoñecense mutuamente a capacidade legal suficiente para intervir neste acto e acordalo presente convenio de colaboración nos termos que a continuación se estipulan.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a data da súa fundación, no ano 1963, o Museo do Pobo Galego foi acadando un posto relevante entre as institucións galegas que se adican ó estudio, investigación e divulgación da cultura galega e dos valores culturais do pobo galego. Durante estes anos, o Museo enriqueceu a cultura galega con importantes achádegos e con unha experiencia científica e cultural recoñecida. A riqueza, por exemplo, dos fondos bibliotecarios e documentais do Museo sobre cultura galega xustifican xa por si mesmo calquera desexo de colaboración.

O Parlamento de Galicia e o Museo do Pobo Galego poden establecer proveitosas relacións culturais, orientadas non soamente ó mellor servizo ó pobo galego, do que o Parlamento é a súa máxima representación, senón tamén na medida en que as mesmas necesidades da Cámara poden resolverse en moitos casos, relacionados coa cultura galega, dun xeito máis efectivo e máis entrañable mediante unha axeitada relación.

Estes vencellos, intensifícanse, ademais, polo feito de que, coa data do 28 de maio de 1994, o Patronato do Museo do Pobo Galego considerou que o

A. Fraguas



[Signature]



PARLAMENTO DE GALICIA

Parlamento de Galicia debía ter no mesmo a súa representación institucional, feito que a Mesa do Parlamento aceptou con satisfacción na súa reunión do 22 de xuño de 1994, acordando, concretamente, que a súa representación fóra por delegación e, a ser posible, de xeito rotatorio.

Por eso, os comparecentes, de acordo cos mandatos legais que lle corresponden, de conformidade coas normas ou estatutos que os rexen,

ACORDAN:

PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia e o Museo do Pobo Galego, representados respectivamente polos comparecentes, acordan establecer un convenio de colaboración de acordo coas cláusulas que a continuación se estipulan.

SEGUNDO.- O Museo do Pobo Galego comprométese formalmente a prestar aquel asesoramento que, dentro de acordo coas súas funcións, precise a Cámara e os seus membros para o desenvolvemento das súas funcións, de acordo coas necesidades expresadas pola presidencia ou pola Mesa do Parlamento.

TERCEIRO.- Entre o Museo do Pobo Galego e o Parlamento de Galicia establécese un acordo de relación interbibliotecaria, nos termos normais neste tipo de relacións, establecendo aquelas formas de préstamo usuais, con exclusión de aqueles fondos que cada unha das institucións fixe nunhas normas complementarias.

CUARTO.- O Museo do Pobo Galego poderá depositar no Parlamento de Galicia aquelas obras de interese cultural nas vitrinas e dependencias do Parlamento de Galicia, mediante acordo mutuo das respectivas necesidades e posibilidades.

QUINTO.- O Museo do Pobo Galego poderá realizar nas súas dependencias exposicións e actos nos que participe o Parlamento de Galicia mediante unha programación adecuada e previa a súa conformidade. Recíprocamente, o Parlamento de Galicia poderá contar cos medios dispoñibles a tales efectos polo Museo do Pobo Galego, para a programación dos seus propios actos e sempre contando coa conformidade daquel.

SEXTO.- Para o desenvolvemento máis eficaz e satisfactorio dos fins xerais da colaboración co Museo do Pobo Galego, o Parlamento de Galicia aportará para o ano en curso a cantidade de un millón de pesetas, a percibir despois da firma do presente convenio. En anos sucesivos, de seguir manténdose a colaboración, poderá renovarse por acordo presidencial, sen necesidade de aprobación de un novo convenio, entendéndose, polo tanto, prorrogado o presente polo feito da entrega da asignación devandita.

A. Fraquezas



[Firma]



PARLAMENTO DE GALICIA


SÉTIMO.- A cantidade asignada polo Parlamento de Galicia terá o carácter de aportación voluntaria e para cada ano, sen que sobre o seu devengo se poida imponer condición algunha nin se adquirira ningún dereito para o sucesivo nin prórroga tácita, polo que a outra parte non poderá reclamar cantidade algunha nin intereses ou calquera outra cantidade polo feito de retrasos na entrega ou simplemente polo non pago no sucesivo.

OITAVO.- O incumprimento do presente convenio ou dalgunha das súas cláusulas poderá ser causa de resolución.

En proba de conformidade, previa lectura do acordado neste acto, os comparecentes asinan o presente Convenio de Colaboración no nome do Parlamento de Galicia e do Museo do Pobo Galego, respectivamente, no lugar e data indicados.

O presidente
do Parlamento de Galicia

O presidente do Museo
do Pobo Galego



20 XULL. 2016

Núm. 22840

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 4.º-COMUNICACIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS

A) COMUNICACIÓNS

Comunicacións de Entidades

-52094 Escrito do presidente da Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego, polo que solicita a revisión polo Parlamento de Galicia da súa contribución económica para o funcionamento da referida entidade

O Parlamento de Galicia ven efectuando unha achega como membro do Padroado ao Museo do Pobo Galego en virtude dun Convenio de colaboración asinado o 18/07/1995. Actualmente a achega resulta do acordo da Mesa do PG adoptado o 18/09/2016 que a fixou en 9.000€ actualizada conforme ao IPC nos exercicios seguintes, de xeito que a no exercicio anterior abonoúselles 10.743,12€, sendo a suba para este ano dun 0%.

Examinada a petición do Presidente da Xunta Reitora presentada o 15/07/2016 sobre a revisión á alza da contribución económica.

Téndose recibido a documentación das contas anuais que se remite sobre estas datas.

Sendo incuestionable o significado do Museo do Pobo Galego e a labor que realiza en defensa da cultura galega en todos os seus ámbitos, sobre todo, cabeceira espiritual e simbólica da rede de museos do patrimonio histórico antropolóxico de Galicia, estímase que cómpre atender a petición.

Verificada a existencia de crédito na partida orzamentaria á que se imputa do orzamento de gastos.

Polo exposto, a Mesa do Parlamento adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- O incremento da achega do PG ao Museo do Pobo Galego ao abeiro dos termos do devandito convenio de 12.000€, que será actualizada conforme ao IPC nos vindeiros exercicios.

Segundo.- Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos do Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego
Intervención e Asuntos Económicos



Parlamento de Galicia e á Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2016

Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1.^a

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias, Vicepresidenta 1.^a na data 18/07/2016 13:28:19

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Vista a documentación e a solicitude presentada polo Museo do Pobo Galego (nº 18042 do 13/07/2021), e en virtude do convenio de colaboración asinado entre o Parlamento de Galicia e o Museo do Pobo Galego de 18 de xullo de 1995 e o acorde da Mesa do Parlamento do 18/07/2016 que actualiza o importe da aportación e establece a súa actualización no IPC para vindeiros exercicios, esta presidencia

RESOLVE:

Que se lle aboe ao Museo do Pobo Galego a cantidade de 12.510,94 euros que se corresponde co aboado no ano 2020 actualizado no -0,5% polo IPC xeral anual.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2021

A presidencia

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.5. Axudas, bolsas e premios

Acordo da Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, do 4 de xuño de 2020, polo que se anuncia a convocatoria para a concesión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia

A Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, na sesión do 4 de xuño de 2020, resolveu anunciar a convocatoria para a concesión de sete bolsas orientadas á formación práctica no Parlamento de Galicia nas materias de: arquivo, biblioteca e documentación; comunicación institucional; publicacións; recursos humanos e contratación; xestión parlamentaria, e unha bolsa de formación adicional nunha das modalidades anteriores reservada para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira. *Obxecto*

O obxecto da convocatoria é a concesión das seguintes oito bolsas individuais para contribuír á formación práctica de persoas con titulación universitaria. As modalidades de bolsa que se convocan son as seguintes:

- a) Dúas bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación.
- b) Unha bolsa de formación en comunicación institucional.
- c) Dúas bolsas de formación en publicacións.
- d) Unha bolsa de formación en recursos humanos e contratación.
- e) Unha bolsa de formación en xestión parlamentaria.

Inclúese unha bolsa de formación adicional, nunha das modalidades anteriores, reservada para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 por cento co fin de contribuír á súa integración laboral.

Segunda. *Condicións xerais*

1. As bolsas serán indivisibles e improrrogables.
2. A concesión e o gozo da bolsa non supoñerán vinculación civil, laboral ou funcionarial entre a persoa bolsreira e o Parlamento de Galicia ou a súa administración.
3. A estas bolsas non lles será aplicable o Estatuto do persoal investigador en formación.



Terceira. *Duración e contía*

1. As bolsas terán unha duración de doce meses.

A data do seu inicio comunicáraselles ás persoas beneficiarias simultaneamente á súa concesión.

2. A contía total de cada bolsa será de 12.000 (doce mil) euros brutos, que se percibirán logo de ter finalizado cada mes do prazo da súa duración, a razón de 1.000 (mil) euros, e que estarán suxeitos á retención que legalmente proceda.

Caso de se producir o inicio ou a fin da actividade formativa en día distinto ao primeiro ou último do mes, respectivamente, a persoa bolseira percibirá a asignación proporcional ao número de días do mes en que desenvolva a formación.

3. Mensualmente, o responsable da unidade correspondente da Administración do Parlamento de Galicia emitirá certificación acreditativa do cumprimento por parte da persoa bolseira das obrigas a que se refiren as alíneas 2.c), 2.d), 2.e) e 2.f) da base décimo segunda.

4. Así mesmo, as persoas beneficiarias da bolsa contarán coa cobertura outorgada pola Seguridade Social segundo a normativa vixente en cada momento e dentro dos requisitos e das condicións propios deste tipo de bolsas.

Cuarta. *Requisitos das persoas solicitantes*

Poden solicitar a concesión das bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser española ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas.

b) Posuír as seguintes titulacións universitarias:

1) Para as bolsas de arquivo, biblioteca e documentación: grao ou licenciatura universitaria en Documentación, grao en Información e Documentación ou diplomatura en Biblioteconomía e Documentación.

2) Para as bolsa de comunicación institucional: grao ou licenciatura universitaria en Xornalismo, Publicidade e Relacións Públicas, ou Comunicación Audiovisual.

3) Para as bolsas de publicacións: grao ou licenciatura universitaria en Tradución e Interpretación, na que a lingua de orixe principal da súa combinación lingüística (primeira lingua ou lingua A1) sexa a lingua galega, graduado en estudos de galego e español con itinerario en lingua galega e española, licenciatura en Filoloxía Galega.

4) Para as bolsas de recursos humanos e contratación: grao ou licenciatura en Dereito ou grao en Dirección e Xestión Pública.



- 5) Para as bolsas de xestión parlamentaria: grao ou licenciatura en Dereito ou Ciencias Políticas e da Administración, grao en Dirección e Xestión Pública.
- 6) Para a bolsa adicional o grao ou a licenciatura que lle corresponda á modalidade de bolsa que solicita, segundo os puntos anteriores.
- c) As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2014-2015 ou en anos posteriores, o cal deberá acreditarse ao termo do prazo de presentación das solicitudes.
- d) Acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.
- e) Non resultar beneficiaria dunha bolsa en convocatorias anteriores no Parlamento de Galicia, ou non ter realizado máis dun terzo do período íntegro da bolsa por substitución dunha renuncia.
- f) No caso de solicitar a bolsa adicional reservada para persoas con discapacidade, a persoa solicitante debe cumprir os requisitos das alíneas anteriores correspondentes á modalidade de bolsa que solicita (a, b, c, d ou e da base primeira) e ter recoñecida oficialmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Quinta. *Formalización das solicitudes*

1. As solicitudes axustaranse ao modelo de instancia que se achega como anexo I, que estará á disposición das persoas interesadas no enderezo da internet: www.parlamentodegalicia.gal

As solicitudes poderanse presentar:

— Con preferencia, na sede electrónica do Parlamento de Galicia, co seu correspondente CSV (código seguro de verificación), no seguinte enderezo da internet:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/procedemento/bolsas>.

— De modo presencial, mediante cita previa (teléfono 981551300), ante o Rexistro do Parlamento de Galicia (rúa do Hórreo, nº 63, 15701 Santiago de Compostela, A Coruña), en horario de rexistro, que se publicará na web do Parlamento de Galicia.

— Por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; neste caso deberá enviarse, dentro do prazo de presentación, unha comunicación vía *email* (servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.gal), na que se detalle o medio utilizado de presentación, segundo o modelo que consta no anexo V.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. En todo caso, sempre estarán excluídos do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.



As persoas interesadas poderán consultar as bases da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

3. As persoas que soliciten a bolsa adicional reservada para persoas con discapacidade deben referir na súa solicitude o grao e as características da súa discapacidade, así como indicar claramente a modalidade de bolsa que solicitan de entre as previstas (a, b, c, d ou e da base primeira), en función da súa titulación académica. No formulario deberán sinalar dúas opcións: a correspondente á bolsa reservada para persoas con discapacidade e a correspondente á modalidade de bolsa á que aspiran.

Sexta.- Documentación que se debe achegar coas solicitudes

No momento da presentación da solicitude a persoa interesada deberá presentar a documentación que se relaciona a continuación:

a) Unha copia do documento nacional de identidade ou do documento de identificación de estranxeiría.

b) O certificado do Celga 4 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

c) A certificación académica, na que expresamente conste a data de iniciación e terminación dos estudos, as cualificacións obtidas e a nota media do expediente académico, na escala numérica de 0 a 10, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

As persoas solicitantes que cursasen os seus estudos en universidades non pertencentes ao Sistema universitario de Galicia e posúan a referida certificación e documentación académica nun idioma distinto do galego ou do castelán deberán achegar a correspondente tradución xurada.

d) Unha copia dos méritos académicos e profesionais que a persoa solicitante somete á valoración. Só contabilizarán aqueles méritos dos que se achegue a proba documental e na que se acredite a súa veracidade.

No referido ao coñecemento de idiomas estranxeiros, este acreditarase mediante o correspondente certificado oficial expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou polas institucións ou os centros recoñecidos oficialmente, segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa (MCERL).

Nas epígrafes referidas á informática, aos cursos de formación e aos idiomas relacionados co obxecto destas bolsas non se valorarán aqueles que forman parte da puntuación co que se determina a nota media dos estudos académicos presentados.

No caso de que existan méritos que poidan valorarse en diferentes epígrafes só se valorarán no que máis beneficioso resulte para a persoa solicitante.



Esta documentación deberase presentar ordenada, debidamente paxinada e acompañada dun índice, conforme a relación de méritos que figura no anexo II.

e) No caso de solicitar a bolsa adicional reservada para persoas con discapacidade, unha copia compulsada do certificado de discapacidade e do ditame técnico facultativo que acredite que ten recoñecida oficialmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento e a compatibilidade co desempeño das tarefas propias dalgunha das bolsas de formación previstas na cláusula cuarta.

Para o caso de non quedar acreditado suficientemente o grao de discapacidade, este poderá ser comprobado polo Parlamento de Galicia ante os órganos da administración responsables de emitir o dito certificado e ditame, para o cal a persoa aspirante deberá marcar na solicitude o correspondente recadro de autorización.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos e certificados que presenten. Excepcionalmente, a administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia presentada.

Sétima. Instrución

1. O Servizo de Persoal e Réxime Interior será a unidade competente para a instrución dos procedementos de concesión das bolsas.

2. Logo de transcorrer o prazo de presentación de solicitudes, a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia resolverá e publicará na páxina web www.parlamentodegalicia.gal e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación da causa da exclusión.

3. Se o suposto de exclusión se debe a que a solicitude non reúne os datos ou os documentos exixidos, a persoa interesada dispoñerá de dez días hábiles para corrixir a falta ou achegar os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, será considerada desistida da súa petición, logo da resolución que así o declare.

4. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, poderase requirir a persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

5. Tras transcorrer o prazo e estudar as correccións e os documentos achegados, a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia emitirá unha resolución coa listaxe definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas. Esta resolución publicarase na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal) e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. A estimación ou a desestimación das peticións de correccións entenderase implícita na publicación da resolución.

6. Aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido a continuación.



Oitava. *Comisión de valoración*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios fixados nestas bases, así como de propoñer a concesión ou a denegación das bolsas ás persoas interesadas.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidente: o presidente do Parlamento de Galicia ou o vicepresidente, ou persoa en quen delegue.

Vogais:

— A secretaria da Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia.

— A persoa responsable, respecto de cada tipo de bolsa, do servizo competente do Parlamento de Galicia na materia obxecto de formación práctica ou a persoa funcionaria do grupo A dese servizo que se designe.

— O letrado oficial maior ou a letrada ou o letrado que se designe.

Actuará de secretario: o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior ou a persoa funcionaria do grupo A da súa unidade que se designe.

3. A comisión de valoración constituirase na sede do Parlamento de Galicia. Das súas deliberacións e acordos levantarase acta coa sinatura da secretaria ou do secretario e co visto e prace da presidenta ou do presidente da comisión.

Todos os membros da comisión de valoración terán dereito a voto e os seus acordos adoptaranse por maioría.

Novena. *Criterios de valoración*

1. Para a concesión das bolsas realizarase unha comparación entre as solicitudes presentadas e establecerase unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración que se determinan no seguinte punto.

2. A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados consonte os seguintes criterios:

2.1. Bolsas de arquivo, biblioteca e documentación:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).

c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto).



d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.2. Bolsa de comunicación institucional:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos) .

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).

c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto) .

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.3. Bolsas de publicacións:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).

c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación, especialmente no ámbito da tradución (ata un máximo de 1 punto).

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.4. Bolsa de recursos humanos e contratación:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos):

c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación, (ata un máximo de 1 punto).

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.



2.5. Bolsas de xestión parlamentaria:

- a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).
- b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).
- c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación, (ata un máximo de 1 punto).
- d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.6. Bolsa adicional de formación, reservada para persoas con discapacidade, nalgunha das modalidades previstas (a, b, c, d ou e da base primeira).

Os criterios de valoración serán os correspondentes á modalidade de bolsa solicitada pola persoa aspirante e a súa titulación, segundo os puntos anteriores.

Décima. *Procedemento e proposta da comisión de avaliación*

1. Unha vez rematado o proceso de avaliación dos méritos dos solicitantes, a comisión de avaliación confeccionará unha lista para cada modalidade de bolsa coa puntuación das persoas candidatas ordenada de maior a menor e elaborará unha proposta, que lle elevará á Mesa do Parlamento, para que as persoas que obteñan a maior puntuación nas respectivas modalidades sexan as beneficiarias das bolsas. As listas utilizaranse de reserva para o caso de non-aceptación ou renuncia dalgunha das persoas beneficiarias da bolsa .

Na lista da bolsa adicional, reservada para persoas con discapacidade, incluíranse os candidatos coa correspondente puntuación, sexa cal sexa a modalidade de bolsa solicitada. A persoa candidata que acade a maior puntuación será proposta como beneficiaria da bolsa, cuxa formación se desenvolverá no servizo e na modalidade que se corresponda coa súa solicitude e titulación.

2. No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes acudirase aos seguintes criterios ata que se resolva:

- a) A maior puntuación obtida polo expediente académico.
- b) A maior puntuación obtida pola formación académica adicional.
- c) De se manter o empate, dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

3. Á vista da proposta da comisión de avaliación, a Mesa do Parlamento de Galicia acordará resolver a concesión das bolsas, na que constará a relación cos datos de identificación das persoas beneficiarias e das suplentes coas puntuacións acadadas, se as houber, ou a declaración de deserta dalgunha



bolsa ou da súa totalidade, e ordenará a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, co que se dará así por cumprido o trámite de notificación, sen prexuízo das comunicacións individuais que se lles efectúen ás persoas beneficiarias polos medios telemáticos que se empreguen.

4. Contra este acordo, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5. As persoas solicitantes non beneficiarias dispoñerán dun prazo de seis meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para recuperar a documentación presentada. Ao rematar o devandito prazo a documentación non retirada será destruída.

Décimo primeira. *Aceptación ou renuncia*

1. Unha vez publicado e comunicado o acordo da concesión das bolsas, as persoas beneficiarias deberán aceptar ou renunciar no prazo máximo de dez días hábiles, desde o día seguinte á súa publicación. Ao transcorrer o devandito prazo, se a persoa beneficiaria non se declara en ningún sentido, entenderase que renuncia á bolsa.

2. No caso de que as persoas adxudicatarias non acepten a bolsa ou non poidan incorporarse por calquera outro motivo, poderán ser substituídas polas persoas que figuren na lista de reserva en función da súa puntuación.

3. A data de incorporación ao Parlamento de Galicia establecerase na comunicación da concesión da bolsa. Se as persoas adxudicatarias non se incorporan nesa data, perderán os dereitos inherentes á bolsa concedida, agás causa debidamente xustificada do atraso, así apreciada pola Oficialía Maior, que deberá ser alegada e xustificada por escrito no referido prazo. No suposto de incorporación tardía, ben que xustificada, reducirase proporcionalmente o importe da contía que se vai percibir.

4. As vacantes que puideren existir nalgún tipo de bolsa poderán dar lugar, por criterio da Administración parlamentaria, ao incremento do número do resto de bolsas que rexistrasen maior número de solicitudes, sen que poida superarse o número total de oito bolsas. A súa cobertura, se é o caso, efectuarase seguindo a orde establecida nas correspondentes listas de reserva.

5. No caso de renuncia á bolsa durante o desenvolvemento desta, a persoa adxudicataria deberá presentar o correspondente escrito dirixido á Mesa da Cámara segundo o modelo que figura no anexo IV.

A Administración parlamentaria poderá, en función das circunstancias concorrentes, substituíla pola persoa que figure por orde de puntuación na lista de reserva, para o período de gozo restante. No caso de que se produza esta renuncia na bolsa adicional reservada a persoas con discapacidade, se a persoa substituta solicitou unha modalidade de bolsa distinta á da persoa substituída, incorporárase á formación no servizo e na modalidade de bolsa que se corresponda coa súa solicitude e titulación.



Décimo segunda. *Incompatibilidades, obrigas e cumprimento das persoas bolseiras*

1. Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como con soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou con calquera tipo de ingresos habituais pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado, agás con aquelas axudas destinadas a cubriren algunha das accións formativas que a persoa bolseira vaia realizar segundo os seus estudos (asistencia a reunións, congresos, seminarios ou cursos de especialización).

2. Obrigas da persoa beneficiaria:

a) A persoa bolseira, polo só feito de solicitar esta bolsa, comprométese a aceptar as bases desta convocatoria e as demais normas que resultan aplicables como consecuencia da súa concesión.

b) Presentar, no prazo de dez días hábiles desde a publicación do acordo de concesión, unha certificación acreditativa de que non padece enfermidade ou defecto físico que lle impida a realización das tarefas que implican a aceptación da bolsa.

c) Cumprir co programa de formación establecido cuns niveis de rendemento satisfactorios, presentando os traballos, estudos ou informes que lle determine o Parlamento de Galicia. Así mesmo, deberá asistir ás actividades que o Parlamento considere convenientes para a súa formación.

d) Cumprir as normas de asistencia e realizar a actividade formativa durante os doce meses de duración da bolsa, no horario e no departamento da Administración parlamentaria ou doutro organismo situado en Santiago de Compostela co que poida ter efectuado un convenio o Parlamento de Galicia en cuxo obxecto poida encaixarse a formación práctica deste persoal bolseiro, conforme se lle asigne e con suxeición ás indicacións dos seus responsables. As prácticas terán unha duración semanal de trinta horas presenciais.

e) Observar a maior discreción e confidencialidade sobre os documentos e as informacións que puidese coñecer durante o período de duración da bolsa e que non se fixesen públicos.

f) Non ter adquirido nin adquirir durante o período de duración da bolsa ningún compromiso ou obriga que impida o seu cumprimento íntegro, agás renuncia expresa dela.

3. Os traballos realizados polas persoas bolseiras serán de propiedade do Parlamento de Galicia e non poderán ser utilizados polos autores sen a correspondente autorización.

4. Se por parte da persoa beneficiaria dalgunha das bolsas existe interese en asistir a actividades formativas fóra do Parlamento, quen sexa interesado ou interesada deberá cursar petición ao seu responsable da unidade de modo xustificativo, na que explicitará a relación entre a actividade á que pretende concorrer e a bolsa da que goza.

A persoas responsables de unidade poderán autorizar a súa asistencia de observaren que a dita actividade pode complementar a súa formación, sempre que non incorra en ningunha das incompatibilidades previstas no punto 1 desta base décimo segunda sobre incompatibilidades, obrigas e cumprimentos das persoas bolseiras.



No caso de ser autorizada e asistir, o interesado ou a interesada deberá posteriormente presentar un informe memoria da actividade formativa.

5. As persoas beneficiarias das bolsas poderán gozar dun período de descanso, no período ordinario de vacacións do persoal da Administración parlamentaria, de dúas semanas continuadas, ou partidas en dous períodos dunha semana. Do mesmo modo, poderán gozar de catro días de descanso desde a semana de Nadal ata o día de Reis.

A determinación concreta do inicio e da fin destes períodos correspóndelle ao xefe da unidade administrativa onde estea formándose a persoa bolseira, atendendo as necesidades organizativas do servizo.

6. As interrupcións da bolsa por supostos de baixa por incapacidade temporal (enfermidade ou accidente), risco durante o embarazo e descanso por maternidade ou paternidade non darán lugar en ningún caso á posibilidade de recuperar o período interrompido.

Décimo terceira. *Incumprimento das condicións*

1. A constatación da existencia, ocultación, alteración ou manipulación de datos ou calquera outro suposto de incumprimento das obrigas ou condicións que motivaron a concesión da bolsa dará lugar á obriga de lle reintegrar ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas, máis os xuros legais que procedan, todo isto sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir a persoa beneficiaria.

2. O Parlamento de Galicia reserva para si o dereito de suspender ou, de ser o caso, de revogar o gozo da bolsa, no suposto de que a persoa bolseira non realice o traballo para a súa formación práctica en condicións satisfactorias, cando se deixen de reunir os requisitos que se exixiron para a súa concesión, faltas de asistencia non xustificadas ou cando se incumplan, sen causa que o xustifique, as condicións establecidas nestas bases.

Décimo cuarta. *Recursos*

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, un recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo quinta. *Facultades da Presidencia*

Facúltase a Presidencia do Parlamento de Galicia para ditar as resolucións necesarias para o adecuado desenvolvemento desta convocatoria.

Santiago de Compostela, o 4 de xuño de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Anexo I
MODELO DE SOLICITUDE

SOLICITUDE PARTICIPACIÓN EN BOLSAS DE FORMACIÓN

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
NOME DA VÍA		NUM		ANDAR		PORTA	
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO				CORREO ELECTRÓNICO			

REPRESENTACIÓN DO SOLICITANTE (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)									
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF		TIPO DE REPRESENTACIÓN	

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Medio de notificación preferente							
<input type="checkbox"/> Electrónica a través do enderezo da Internet https://sede.parlamentodegalicia.gal . Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada							
<input type="checkbox"/> Postal (cubrir o enderezo só se é distinto do indicado anteriormente)							
NOME DA VÍA		NUM		ANDAR		PORTA	
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	

OBXECTO DA SOLICITUDE: (indicar a modalidade de bolsa que solicita (cfr. base 1ª) e, se é o caso, o tipo e grao de discapacidade)
--

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:
DNI
Certificación acreditativa do coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4
Certificación académica
Relación de méritos académicos
Anexos que figuran nas bases
Outros



OBSERVACIÓNS:

A persoa solicitante ou representante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Parlamento de Galicia e incorporados á actividade de tratamento **“Alumnado en prácticas e bolsas de formación”**, cuxa finalidade é a xestión das actividades relacionadas coas prácticas académicas de alumnos/as das universidades galegas e a xestión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, e está baseada no cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercizo de poderes públicos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a solicitude e resolver a convocatoria na que participa.

Os datos de carácter persoal dos bolseiros serán comunicados ás administracións públicas competentes en materia tributaria e de seguridade social e ás entidades bancarias. Os datos identificativos das persoas adxudicatarias das bolsas publicaranse no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, e na páxina web www.parlamentodegalicia.gal. Non están previstas transferencias internacionais de datos.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando proceda, ante o Parlamento de Galicia con enderezo postal rúa Hórreo nº 63 15701 Santiago de Compostela ou na dirección de correo electrónico pdcp@parlamentodegalicia.gal.

Pode obter información adicional na páxina web do Parlamento de Galicia: www.parlamentodegalicia.gal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Bases Convocatoria

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

de

de

Parlamento de Galicia



Anexo II**RELACIÓN DE MÉRITOS DA PERSOA SOLICITANTE**

Apelidos:

Nome:.....

1. Titulación universitaria requirida:

Graduada/o ou licenciada/o ou diplomada/o:

Universidade de:

Data de iniciación da titulación universitaria:.....

Data de obtención da titulación universitaria:

2. Expediente académico:

Nota media do expediente académico (calculada en función da escala numérica de 0 a 10)

.....

3. Formación académica adicional:

3.1. Outros graos, licenciaturas e diplomaturas (distintas das esixidas para optar á bolsa) ou formación profesional (técnico superior) relacionada co obxecto da bolsa:

Título	Universidade	Nº de páxina do expediente documental

3.2 Títulos de posgrao (grao de doutor, máster universitario, diploma de estudos avanzados, especialista universitario, experto universitario e outros):

Título	Centro que o expide	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental



5. Coñecementos de idiomas estranxeiros:

Idioma	Título, curso	Duración (horas)	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente

A/O abaixo asinante declara que os datos indicados son correctos e certos e que están xustificadas documentalmente na documentación que se achega á solicitude.

....., de de 2020

(Sinatura da persoa interesada)

Os datos de carácter personal serán tratados polo Parlamento de Galicia e incorporados á actividade de tratamento “Alumnado en prácticas e bolsas de formación”, cuxa finalidade é a xestión das actividades relacionadas coas prácticas académicas de alumnos/as das universidades galegas e a xestión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, e está baseada no cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercicio de poderes públicos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a solicitude e resolver a convocatoria na que participa.

Os datos de carácter persoal dos bolseiros serán comunicados ás Administracións Públicas competentes en materia tributaria e de Seguridade Social e ás entidades bancarias.

Os datos identificativos das persoas adxudicatarias das bolsas publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e na páxina web www.parlamentodegalicia.gal.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Parlamento de Galicia con enderezo postal rúa Hórreo nº 63 15701 Santiago de Compostela ou na dirección de correo electrónico pdc@parlamentodegalicia.gal.

Poderán obter información adicional na páxina web do Parlamento de Galicia: www.parlamentodegalicia.gal



Anexo III**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D^a _____ DNI/NIF _____
Enderezo _____ CP _____ Localidade _____
Provincia _____

En cumprimento do establecido na base décimo terceira da convocatoria para a concesión de bolsas formativas no Parlamento de Galicia, como beneficiario/a dunha bolsa na modalidade de,

DECLARA RESPONSABLEMENTE

que, no caso de incumprimento das obrigas ou condicións que motivaron a concesión da bolsa, se compromete a lle reintegrar ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas.

....., de do 2020

(Sinatura da persoa beneficiaria)



Anexo IV**MODELO DE RENUNCIA Á PERCEPCIÓN DA BOLSA**

D./D^a _____ DNI/NIF _____
Enderezo _____ CP _____ Localidade _____
Provincia _____

En cumprimento do establecido na base decimo primeira, apartado 5) da convocatoria para a concesión de bolsas de formación no Parlamento de Galicia, manifesta a súa vontade de renunciar á percepción da bolsa que lle foi outorgada na modalidade de _____, a partir do _____, e motivada nas seguintes razóns:

Comunícase esta renuncia para os efectos oportunos

_____, de de 2020

(Sinatura da persoa interesada)



ANEXO V

MODELO DE COMUNICACIÓN DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

D./D^a , con
DNI/NIF núm., enderezo
....., C.P., localidade
....., provincia , teléfono fixo
....., teléfono móbil , correo
electrónico

Manifesta que presentou unha solicitude para a obtención dunha bolsa para formación práctica de, no Parlamento de Galicia, con data no

(Cómpre especificar o medio utilizado, dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.)

..... de de 2020

(Sinatura da persoa interesada)

Enviar vía email: servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.gal



- 3704 (11/POC-000600)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de introducir, con motivo do relanzamento do sector eólico, mecanismos que fagan posible a capacidade de planificación e desenvolvemento eólico con figuras que existiron na normativa e o estudo doutras novas

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 3709 (11/POC-000601)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da asunción da competencia sancionadora respecto das infraccións en materia de obrigas e prohibicións derivadas da covid-19, así como a dotación de seguridade xurídica á sociedade galega nesta materia mediante a aprobación da normativa correspondente

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.5. Axudas, bolsas e premios

Acordo da Mesa do Parlamento, do 19 de outubro de 2020, de concesión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de outubro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Mediante acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 4 de xuño de 2020 (BOPG nº 641, do 8 de xuño de 2020 e DOG núm. 116, do 15 de xuño de 2020) aprobáronse as bases da convocatoria para a concesión de diversas bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia.

De acordo coa a base oitava, apartado 3 da convocatoria, o 5 de outubro de 2020 constituíse a Comisión de valoración, co obxecto de estudar os expedientes académicos e os méritos acreditados polos aspirantes e avalialos de acordo coa repartición de puntuación en cada un dos apartados previstos na cláusula novena das bases da convocatoria.

Por proposta da Comisión de valoración, a Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de outubro de 2020, acordou incorporar a bolsa de formación vacante na modalidade de arquivo, biblioteca e documentación á modalidade de xestión parlamentaria.

Na súa reunión do 19 de outubro de 2020, a Comisión de valoración, á vista dos resultados da puntuación acadada polas persoas aspirantes, elaborou unha lista coa puntuación das persoas candidatas ordenada de maior a menor, segundo a súa puntuación, e acordou, en cumprimento da base décima da convocatoria, facer a correspondente proposta de concesión.



En consecuencia, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Concederlles as bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia ás persoas que acadaron a maior puntuación en cada unha das bolsas convocadas, que son as seguintes:

a) Bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación:

1. RODRÍGUEZ VELÁZQUEZ, ROBERTO: 17,58

b) Bolsa de formación en comunicación institucional:

1. RAMOS CUBA, LAURA: 18,58

c) Bolsa de formación en publicacións

1. PERNAS RUBAL, CRISTIAN: 18,59

2. BRANDARIZ VARELA, SUSANA: 16,73

d) Bolsa de formación en recursos humanos e contratación

1. AMBOAGE SANTOS,FÁTIMA: 18,93

e) Bolsa de formación en xestión parlamentaria

1. PÉREZ FERNÁNDEZ, ADRIÁN: 19,00

2. ROMERO CARRERA, XIMENA: 17,88

f) Bolsa de formación para a quenda de discapacidade (comunicación institucional)

1. FIAÑO LLERAFO, DANIEL: 13,00

2º. Que a data de incorporación das persoas beneficiarias das respectivas bolsas ao Parlamento de Galicia sexa o 2 de novembro de 2020.

3º. Que, no caso de non aceptación ou renuncia dalgunha das persoas beneficiarias da bolsa, se utilizará a seguinte lista de reserva para substituíla:

LISTAS DE SUPLENTES

— Bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación

Non hai.



— Bolsa de formación en comunicación institucional

GARRIDO REBOREDA , LAURA: 16,09
GARCÍA ÁLVAREZ, SOFÍA: 16,03
PORCA RODRÍGUEZ, NATALIA: 15,71
VIOR LANZA, PATRICIA: 14,60
AÑÓN GÁNDARA, AMARA: 14,32
RODRÍGUEZ PIÑEIRO, MARÍA JESÚS: 14,23
CASTRO BACARIZA, BEATRIZ CRISTINA: 13,67
AMBOAGE SANTOS, PATRICIA: 13,16
PETEIRO PATIÑO, PEDRO: 13,10
MARTÍNEZ LORENZO, CINTHYA: 12,97
FONTELA ALVELO, LARA: 12,60
GARCÍA GARCÍA, LAURA: 12,12
CORTIZO SALGUEIRO, NOELIA: 12,03
RODRÍGUEZ MIRA, LARA: 11,85
MARTÍNEZ OLAZÁBAL, SUSANA: 11,84
SUÁREZ RODRÍGUEZ, AINARA: 11,79
GONZÁLEZ GONZÁLEZ, LUCILA MARÍA: 11,64
ESTÉVEZ ALONSO, MARCELA: 11,55
SANMARTÍN SAMPEDRO, FERNANDO: 10,74
SERRANO OTERO, RAQUEL: 9,96

— Bolsas de formación en publicacións

SILVA HERVELLA, IRMA: 14,90
GARCÍA DÍAZ, NOELIA: 14,49
LÓPEZ GONZÁLEZ, MAR: 14,36
RUMBO CALVO, IRINA: 13,25
BLANCO CASAS, ANTÓN: 13,19
PEREIRAS VILLAMAYOR, ANTÍA: 13,15
VILLAR AIRA, SARA: 13,14
COCHÓN FALCÓN, ALBA: 13,12
REI MARTIZ, ANTÍA: 13,00
VILLANUEVA GONZÁLEZ, ROCÍO: 12,27
NAYA SÁNCHEZ, XIÁN: 11,70
GONZÁLEZ IGLESIAS, MARÍA: 11,03
PORRIT MARCHENA, SARA: 10,19
QUINTEIRO SUÁREZ, CRISTINA: 9,84

— Bolsa de formación en recursos humanos e contratación

ROMERO CARRERA, XIMENA: 17,68
FONTÁN BEMPOSTA, VERÓNICA: 16,88
AMOEDO DOMÍNGUEZ, SONIA MARÍA: 15,20
SUEIRO RODRÍGUEZ, MARÍA DOLORES: 14,89



CAMBEIRO PORRÚA, BIEITO: 14,62
VÁZQUEZ-PORTOMEÑE GUILLÁN, SANDRA: 12,02
POUSADA PACHECO, MARÍA: 11,44
Lomba LOMBA, ASTRID MARGARITA: 11,19
CRESPO RODRÍGUEZ, ESPERANZA: 11,18

— Bolsa de formación en xestión parlamentaria

CAMPO MARTÍNEZ, ALBA: 17,69
FERNÁNDEZ DA SILVA, ÁNGELA: 15,75
AMOEDO DOMÍNGUEZ, SONIA MARÍA: 15,40
SUEIRO RODRÍGUEZ, MARÍA DOLORES: 15,08
CAMBEIRO PORRÚA, BIEITO: 14,82
SEOANE GROVAS, ANTÍA: 13,64
RODRÍGUEZ LAGO, JESÚS: 13,64
GONZÁLEZ GÓMEZ, INMACULADA: 13,57
GARCÍA PATIÑO, ALEXANDRA: 13,36
DE LIMA GONZÁLEZ, JENNIFER: 13,29
COTROFE GRELA, DAVID : 13,12
RODRÍGUEZ ESCRIBANO, ÁNGEL: 12,63
ÁLVAREZ MARTÍNEZ, ELENA: 12,53
VÁZQUEZ-PORTOMEÑE GUILLÁN, SANDRA: 12,19
POUSADA PACHECO, MARÍA: 11,62
Lomba LOMBA, ASTRID MARGARITA: 11,35
GARCÍA GÓMEZ, SAMUEL: 10,92
PAZ PINO, NOELIA: 10,36

— Bolsa de formación para a quenda de discapacidade:

Non hai.

4º. Comunicar este acordo a Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal de Réxime Interior para que proceda á súa execución.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2020
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

